

Economía e sociedade na Galicia dos Austrias
(a agricultura e as súas transformacións, a importancia da pesca na Galicia litoral, a estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía)

Durante o reinado dos Austrias, Galicia mantivo unha **posición periférica pero estratexicamente importante** por ser un punto vital na ruta marítima cara aos Países Baixos. Internamente estaba dividida en provincias, sete desde mediados do século XVI (Coruña, Betanzos, Santiago, Mondoñedo, Lugo, Ourense e Tui) e os Austrias potenciaron a súa organización política a través do Capitán Xeneral, a Real Audiencia e as **Xuntas do Reino de Galicia**, que, desde 1528, actuaban como representación do Reino. En 1622 Galicia recuperou o dereito de ter representación nas Cortes de Castela a cambio da entrega de 100.000 ducados para construír unha escuadra coa que defender as súas costas.

A agricultura e as súas transformacións. Ao longo dos séculos XVI e XVII, a economía galega era fundamentalmente agrícola (máis do 80% da poboación vivía en e do campo) e estivo fortemente ligada ás posibilidades produtivas da terra. Ata 1560-80 mantívose o sistema tradicional de produción feudal baseado no cultivo de cereais (trigo e centeo) e no barbeito, que permitiu o crecemento da poboación. A partir desas datas, o desequilibrio entre poboación e recursos provocou a aparición de crises de subsistencia, con malas colleitas, fames e pestes, que causaron a diminución da poboación. Estas dificultades estimularon a transformación do sistema de cultivo: desde a costa e cara ao interior, foise estendendo o cultivo do millo, produto procedente de América que alterou o sistema de rotacións, diminuindo o barbeito, e permitiu un forte crecemento da produción e da poboación no século XVII, fronte ao panorama negativo do resto de Europa.

A importancia da pesca na Galicia litoral. A pesca litoral complementaba a dieta alimenticia das poboacións costeiras e a de altura potenciaba a economía grazas ás campañas da pesca do bacallau en Terranova, que permitía a súa venda nos mercados de Castela. Importante tamén foi a salgadura de peixe, especialmente da sardiña, en numerosas instalacións distribuídas ao longo de toda a costa galega.

A estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía. A sociedade galega da época era esencialmente rural e as cidades eran moi pequenas, destacando Santiago de Compostela, polas súas funcións relixiosas, A Coruña, sede das institucións de goberno, e Pontevedra, en declive e relacionada coa pesca e salgadura da sardiña. As actividades artesanais e comerciais eran escasas, predominando a autarquía comarcal; cómpre destacar a produción doméstica de tecidos de liño.

Por estas razóns, a estrutura da sociedade galega dos séculos XVI e XVII centrábase na terra: dunha parte estaban os perceptores de rendas señoriais, tanto eclesiásticos como paxegos, e doutra estaban os labregos, que traballaban as terras baixo diferentes formas de cesión, aínda que a máis estendida era o foro. Este sistema de explotación provocou que as clases dominantes de Galicia se configurasen como unha sociedade de rendeiros. Entre elas, salientaba a fidalgúa rural, tanto polo seu número como polo absentismo da máis alta nobreza galega, que, desde finais do XV, residía na Corte, fóra de Galicia, desempeñando altos cargos na administración (vicerreis, embaixadores, membros dos Consellos do Reino) e vinculándose coas familias nobiliarias castelás.